

**europa**

**press**

GC0009

R CYSBX 10-12 1147

SOC SOC

Un proxecto transnacional impulsará a I+D+i nas adegas galegas a través do Ingacal e as universidades

Galicia coordinará unha plataforma integrada por entidades doutras seis rexións españolas, francesas e portuguesas

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 12 (EUROPA PRESS)

Un proxecto transnacional impulsará a introdución da innovación, a transferencia de tecnoloxía e coñecementos nas adegas das cinco denominacións de orixe (D.O.) vitivinícolas de Galicia a través dunha plataforma conformada polo Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) e as tres universidades representadas pola Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga).

O obxectivo de WINETech é potenciar a innovación e a cooperación "estable" entre institucións de sete rexións europeas con bisbarras vitícolas tradicionais "e punteiras" nas que o viño "forma parte da cultura e o desenvolvemento socioeconómico", segundo explicou a Europa Press a directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, Alejandra lvarez de Mon.

Ademais, participarán nesta iniciativa, que se desenvolverá ata 2015, entidades de La Rioja, Castilla y León, Castilla-La Mancha, Alentejo (Portugal), Norte (Portugal) e Languedoc Roussillon (Francia) baixo a coordinación institucional do Ingacal e técnica de Feuga. Precisamente, WINETech baséase nunha experiencia piloto promovida dende 2007 por Feuga e o Consello Regulador da D.O. Rías Baixas.

"Todos saben como facer un bo viño", sinalou lvarez de Mon en referencia ás rexións europeas que formarán parte do proxecto para puntualizar que a finalidade da plataforma será potenciar a incorporación de tecnoloxía, mecanismos de análise e procesos en función das necesidades de cada adega.

#### DIAGNSTICO DE NECESIDADES

Por iso, a primeira fase estará centrada en realizar un diagnóstico das necesidades das adegas en cada unha das rexións, ao tempo que se identifican os equipos de investigación vinculados ao ámbito vinícola, así como os seus medios.

Segundo explicou a directora xeral, nalgúns empresas galegas as accións prioritarias pasarán polo reforzo da tecnificación do proceso

de elaboración do viño e noutras pola mellora do control da trazabilidade das uvas, a incorporación de novos materiais nos envases ou embalaxes ou problemas concretos que afecten á súa producción.

"Realizaremos enquisas a cada unha das empresas enoloxicas para saber que necesita cada unha e en xeral o ámbito galego da viticultura", afirmou para apuntar que esas necesidades empresariais se "conxugarán" coas investigacións dos equipos científicos das tres universidades, dous que considerou que se verán beneficiados polo traballo "en rede" con colegas de España, Portugal e Francia.

"O proxecto dá cobertura para realizar ese intercambio de información e permite o acceso a recursos a través da plataforma", defendeu.

## PRESENTACION AOS DESTINATARIOS

O Ingacal, dependente da Consellería de Medio Rural, iniciou xa o proceso de presentación do proxecto aos seus destinatarios, empresas do sector inscritas nalgúnha das cinco D.O. galegas e membros da comunidade científica galega. WINETech, conta cun presuposto de 1,6 millóns de euros, dos que o 75 por cento será financiado a cargo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

A iniciativa é unha das 45 aprobadas --de entre as 256 candidaturas presentadas-- na primeira convocatoria do Programa de cooperación territorial do Espazo Sudoeste Europeo (Sudoe).

Unha vez se identifiquen as necesidades das empresas e as especialidades de cada grupo de investigación --a directora xeral estimou que arredor de que na comunidade galega uns 50 científicos realizan investigacións vitivinícolas-- , procederase a deseñar o funcionamento da plataforma, a fórmula de traballo en común e a rede de relacións.

"Os resultados veranse en anos posteriores", advertiu lvarez de Mon, quen apuntou que ao seu termo, previsto en 2015, se creará unha páxina web e unha revista especializada WINETech. parte, as entidades da plataforma promoverán a organización de eventos e talleres técnicos de carácter internacional en cada unha das rexións participantes.

|  
12/Oct/2009 11:47:18

(EUROPA PRESS)

10/12/11-47/09